

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Latín de 4º curso de educación secundaria obrigatoria, ten como referencia o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia de Latín á realidade deste centro e a do seu alumnado no 4º curso.

O currículo da educación secundaria obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, a formación artística, as humanidades, as ciencias, a tecnoloxía e a actividade física. Unha das finalidades da educación secundaria obrigatoria é lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

Procédese seguidamente a comentar algúns aspectos desta programación: Unidades didácticas (UD). Establécense 3 unidades didácticas, nas que se reparten contidos de tipo cultural, histórico e lingüísticos. Temporalización. As tres UD repártense ao longo dos tres trimestres do curso. Criterios de avaliación. Cada vez máis se está a insistir na necesidade de que os criterios de avaliación sexan claros e perfectamente axustados á normativa vixente, establecéndose pesos concretos para UD e avaliacións, como se pode ver detalladamente no apartado en cuestión. Metodoloxía. As pautas metodolóxicas que se dan nesta programación son en grande medida froito da experiencia docente particular e vinculadas a un método comunicativo e indutivo-contextual para a ensinanza do latín.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de enquisas ao alumnado para medir certos parámetros. A experiencia docente propia di que este método é moi recomendable dado que dá ao profesorado dun modo rápido unha radiografía xeral da percepción que o alumnado ten dos aspectos considerados na enquisa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	IMPERIUM ROMANUM	Latinismos. A data segundo o calendario romano Gramática, morfoloxía, sintaxe e vocabulario (a vista nos capítulos de Familia Romana) Teoría: Historia de Roma: As orixes A familia romana Tipos de vivendas romanas	25	35	X		
2	VITA MORESQUE	Latinismos. Gramática, morfoloxía, sintaxe e vocabulario (a vista nos capítulos de Familia Romana) Teoría: Historia de Roma: A República A relixión en Roma	35	35		X	
3	DE HOMINIBUS	Latinismos. Gramática, morfoloxía, sintaxe e vocabulario (a vista nos capítulos de Familia Romana) Teoría: Historia de Roma: O Imperio	40	35			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	DE HOMINIBUS	O exército romano	40	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	IMPERIUM ROMANUM	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificando as semellanzas e as diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	PE	70
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, os costumes e as actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.		
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma e os acontecementos e personaxes máis salientables dos mesmos, relacionando os datos con referentes actuais.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas máis salientables da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando a importancia da súa conservación.		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina	TI	30
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións artísticas máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - O abecedario, a acentuación e as distintas pronunciacións da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos. - Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.

Contidos

- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
2	VITA MORESQUE	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana	PE	70
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir mediante retroversión oracións e textos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e as diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo	TI	30
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - O abecedario, a acentuación e as distintas pronunciacións da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos. - Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas. - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.

Contidos

- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
3	DE HOMINIBUS	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes	PE	70
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada,		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico mellorando a expresión oral e escrita, e incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo	TI	30
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.

Contidos

- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.
- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...
- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronunciacións da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.
- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.
- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.
- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.

Contidos

- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Latín de 4º curso debe desenvolver, de xeito gradual e progresivo, as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave: debe, por unha banda, seguir a afondar na tradición clásica e ser, en certa medida pola outra, unha continuación da materia de Cultura Clásica para o alumnado que a cursase en 3º curso da educación secundaria obrigatoria, ou, no caso de que se cursen paralelamente ambas as dúas en 4º curso, ser complementarias.

O enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima das e dos estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas nun pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e a resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo.

Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Latín con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co equipo da Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional.

METODOLOXÍA PARA OS CONTIDOS DE HISTORIA, CULTURA, LEGADO E HISTORIA DA LINGUA. Para o tratamento destes contidos propóñense o uso das seguintes aproximacións metodolóxicas. 1. Persoa docente emisora, alumnado receptor. Esta metodoloxía pode ser especialmente adecuada para estes contidos, especialmente tendo en conta dúas circunstancias: a) o descoñecemento que pode ter o alumnado (en particular se non cursaron nin Cultura Clásica nin Latín de 4.º de ESO), b) as limitacións de tempo na aula. Así pois este modo de traballar, que se apoia despois na elaboración de exercicios e traballos guiados e que se avalía fundamentalmente a través de probas escritas e rúbricas respectivamente, pode resultar moito eficiente. 2. A aula invertida (flipped-classroom). Esta metodoloxía supón un cambio de papel da persoa docente, que pasa de ser emisora de información a colaboradora e guía do alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo á aula, na que despois procede a traballar de modo activo aplicando ese coñecemento previo adquirido ou, cando menos, coñecido. Esta metodoloxía é moito atractiva porque permite introducir un grande cambio no traballo de aula, mais presente, entre outros, os seguintes retos: a) a persoa docente debe contar cunha máis ca mínima capacidade de utilización de TIC, b) a persoa docente ten que contar tamén con materiais de información, ben externos, ben de elaboración propia, c) o grupo de alumnado na súa totalidade ten que dispoñer de acceso doado a internet e, finalmente, d) o grupo de alumnado na súa maioría debe mostrar unha actitude positiva para con este método e comprometerse con el (este compromiso é fundamental, dado que se a meirande parte do grupo recorre a unha especie de "filibusteirismo de aula" con frecuencia - escusas como que "internet non funcionaba", que "o ordenador está avariado", etc. - esta metodoloxía ademais de ser moito ineficiente conleva unha perda de tempo importante e, en consecuencia, pode xerar unha grande frustración na persoa docente). 3. Traballo por proxectos. A persoa docente vincula o tratamento destes contidos a un proxecto ben interdisciplinar, ben propio. Esta metodoloxía que se está a desenvolver con éxito en etapas iniciais do ensino, presenta grandes dificultades segundo o número de

materias vai medrando e atomizándose, e os contidos se van especializando, como acontece en particular no bacharelato. Esta metodoloxía presenta, entre outros, os seguintes retos: a) deseño dun proxecto no que a vinculación da materia a este resulte clara e convincente (no caso dos proxectos interdisciplinares), b) planificación precisa e realista dos tempos, dos procesos e tarefas así como dos produtos ou resultado final do traballo, c) os recursos reais da aula ou espazo no que se vai desenvolver o traballo na aula e d) compromiso do grupo de alumnado. Estas non son máis ca tres posibles aproximacións para traballar os contidos comprendidos de historia, cultura, legado e historia da lingua. Na práctica a docente, a partir do previsto na programación, vai adaptando a metodoloxía ao grupo e circunstancias do curso, combinando, normalmente, distintas aproximacións.

METODOLOXÍA PARA OS CONTIDOS LINGÜÍSTICOS. Para a aprendizaxe da lingua latina hai que partir do obxectivo ou punto final que a persoa docente estableza para todo o proceso de aprendizaxe. É por iso que se debe distinguir entre unha proposta gramaticalista (tamén chamada tradicional) e unha aproximación a partir de métodos activos (esta segunda é a opción escollida pola docente, de acordo ás correntes actuais de aprendizaxe da lingua latina en todo o mundo). A Metodoloxía empregada parte de métodos activos. Este enfoque parte da premisa de que o latín é unha lingua e que, por tanto, o proceso de aprendizaxe da mesma debe ser o máis semellante posible ao proceso de adquisición de calquera outra lingua. O obxectivo final é que o alumnado poida acceder aos textos da literatura latina a través da súa lectura, entendendo como lectura o acto automático polo que unha persoa entende un texto combinando dun modo non consciente ou reflexivo as normas de gramática da lingua e o coñecemento do significado das palabras.

Por tanto neste enfoque os aspectos lingüísticos a traballar veñen determinados pola frecuencia do uso, tanto no que atinxe á gramática como ao vocabulario, e pola procura do entendemento non reflexivo, cando menos en principio, do texto. A metodoloxía propia deste enfoque pasa por unha lectura constante de textos de dificultade graduada, na que o persoal docente, mediante preguntas, uso de palabras ou expresións sinónimas, a asociación constante de determinadas expresións a unha xestualidade concreta e a realización constante de exercicios de uso da lingua, consegue que progresivamente o alumnado vaia adquirindo o correcto uso das formas dun modo case intuitivo. Isto non implica, porén, que nesta aproximación non haxa explicación gramatical ou aclaracións de natureza sintáctica. O que acontece é que á diferenza do enfoque gramaticalista, neste caso a aprendizaxe de gramática e sintaxe non é máis ca unha ferramenta de apoio a usar puntualmente. Entre as grandes vantaxes deste enfoque pódese destacar basicamente dúas. Por unha banda, 1) o alumnado afaise dende o principio a ler e entender textos longos en latín, desenvolvendo estratexias para deducir o significado de palabras ou expresións en función do contexto. Pola outra, 2) o alumnado desenvolve unha grande capacidade de lectura e pronuncia correcta do latín.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; co libro correspondente de exercicios (Exercitia Latina I).
Aula virtual do centro educativo
Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017.
Recursos en rede asociados co método LLPSI.
Le Latin, de C. Desessard, 2015.
Curso de latín de Cambridge, editado pola Universidad de Sevilla.

Tómanse de referencia os seguintes libros para un método activo e indutivo-contextual da aprendizaxe do latín:

- Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; este é o primeiro libro do coñecidísimo método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Trátase dun material dunha calidade perfectamente contrastada, que dispón dunha grandísima cantidade de materiais complementarios en rede e que permite ao persoal docente que o empregue compartir experiencia cun grande número de docentes tanto en España como no resto do mundo. No seu debe, porén, pódese dicir que a historia que serve de fío condutor ao libro avanza con moita lentitude e que se pode facer ás veces aburrida.

- **Via Latina.** De lingua et uita Romanorum, de M.^a L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022. Conservando a ortodoxia do método de Orberg, esta proposta presenta un novo tema como fío condutor dos textos, a historia de Roma. Procúrase así superar un dos grandes defectos do método do profesor danés. Ademais, a elección da historia de Roma como núcleo temático permite vincular dun modo máis acaído a explicación ou tratamento doutros tipos de contidos (por exemplo, históricos). Os textos van acompañados de todo tipo de actividades e síntese gramatical ao final de cada lección.

- **Forum.** Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017. Este método, ben deseñado e traballado, procura claramente a aprendizaxe do latín como lingua de comunicación para a vida cotiá. Isto fai que traballe especialmente os diálogos, así como temas e campos semánticos moi vinculados á actualidade. É un libro que o profesorado debe coñecer, porque del pode obter un grande caudal de expresións e usos para mellorar a súa capacidade de expresión en latín na aula. En 4º curso pode ser de especial utilidade na aula, se se opta por priorizar o uso activo da lingua.

- **Le Latin,** de C. Desessard, 2015. Esta proposta pertence á colección de métodos para aprendizaxe de linguas da editorial Assimil. Trátase dun clásico dentro dos métodos activos. É un método moi aprobeitable, especialmente, pola grande cantidade de vocabulario para facer referencia á vida moderna.

- **Curso de latín de Cambridge,** editado pola Universidad de Sevilla. Trátase dunha adaptación ou versión española deste método británico. Unha moi boa opción cando se vaia traballar en 1º de bacharelato co método Orberg e que, por tanto, se procuren textos distintos dentro dunha mesma liña metodolóxica para 4º curso.

A aula virtual debe ser o espazo de referencia no desenvolvemento de calquera materia, xa que nela hase recoller toda a información relevante que atinxa ao curso. Aquí deben estar a programación completa da materia, un resumo cos aspectos máis relevantes da mesma, o calendario e, sobre todo, o repositorio de recursos organizados por temas (materiais teóricos e/ou exercicios).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro de información relevante sobre o alumnado matriculado na materia en relación aos seguintes aspectos:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou, no seu caso, repetición de curso.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que axudará a recoller datos para esta avaliación inicial. A proba constará de dúas partes:

- comentario de texto: permitirá avaliar especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita;
- cuestionario tipo test: aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, cómpre considerar os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que o alumnado poida ter adquirido en cursos previos noutras materias.

Latín de 4º curso da educación secundaria obrigatoria non implica continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3º curso. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

- Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3º curso Cultura Clásica.
- Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4º curso Cultura Clásica.
- Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
- Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
- Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
- Tomar consciencia do grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e a cultura romana.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Unha vez analizada toda a información, adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.

- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Proba escrita	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación: atención ao proceso de aprendizaxe dos alumnos, dirixida a seleccionar información de acordo con indicadores previamente fixados.
- Interrogación: mediante entrevista ou cuestionario.
- Análise de tarefas: é unha fonte de información útil para valorar o esforzo, interés, regularidade e método no traballo.
- Probas: nas súas diversas modalidades, é dicir, escritas, orais; individuais, colectivas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Observación do traballo realizado diariamente, tanto na aula como nas tarefas para facer a través da Aula Virtual. Teranse en conta factores como a participación en todo tipo de actividades na clase e a autonomía progresiva no desenvolvemento do seu traballo, tanto individual coma colectivamente, o esforzo, a concentración e a actitude participativa.
2. Control de lecturas, traballos etc. Valoraranse as capacidades de lectura comprensiva, selección e elaboración de información de forma autónoma, a capacidade para sintetizar e expoñer conclusións, a expresión oral e escrita, a limpeza, orde e boa presentación, así como a capacidade para traballar en equipo, de ser o caso. As lecturas serán avaliadas mediante traballos individuais ou controis, segundo se determine en cada caso.
3. Probas escritas, nas que se valorará a adquisición dos coñecementos previstos nesta programación. Realizaranse entre dúas ou tres probas deste tipo por avaliación, que serán escritas e de dificultade progresiva: un mínimo de dous exames parciais de contidos lingüísticos morfosintácticos e culturais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Avaliación continua trimestral, segundo os seguintes criterios:

1. Probas escritas: 2 por trimestre: $35\% + 35\% = 70\%$
 2. Libro de lectura / traballo de investigación: 10%
 3. Traballo na aula: o traballo diario, a elaboración e entrega dos exercicios e actividades propostos, a entrega puntual de traballos o mesmo que a realización de tarefas e a achega diaria do material ás clases. Interese e actitude cara a materia: 20%
- Compre ter en conta o carácter continuativo de calquera materia de linguas, razón pola cal non se terán en conta para facer media cualificacións por debaixo do 4 nalgunha das dúas probas escritas do trimestre, a non ser que a tendencia sexa claramente á alza. É dicir, será conticio sine qua non para superar o trimestre obter unha cualificación de 4 ou máis na segunda proba escrita do trimestre. No caso contrario o discente terá que realizar a correspondente recuperación trimestral.

Os alumnos estarán informados de como, cando e sobre que van ser avaliados, así como do resultado das probas. Consideraranse superadas cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10. Cómpre ter en conta que o redondeo en cada avaliación farase a partir do 0,75, de tal xeito que os decimais por debaixo destas cifras redondean á baixa e os decimais por riba poden redondear cara o seguinte número enteiro. No caso de ausentarse a

algunha proba ou parte dela, o/a alumno/a ten dereito a ser examinado/a noutro día unha vez que xustifique debidamente a súa falta mediante documentación oficial.

Cualificación final: criterios

A cualificación na convocatoria de xuño será a media ponderada das tres avaliacións. O peso dos trimestres para proporcionar a media final queda repartido da seguinte maneira:

- 1º Trimestre: 25%

- 2º Trimestre: 35%

- 3º Trimestre: 40%

N.B. A utilización de medios deshonestos na realización de exames, tarefas, etc., tanto en beneficio propio como alieo, terá como consecuencia a nulidade dos mesmos para o alumno ou alumnos implicados, quedando ao arbitrio do profesor a repetición da proba ou tarefa de que se trate. Entre os medios deshonestos pódese entender tanto o uso das tradicionais "chuletas" como outros métodos máis avanzados tales como auriculares ou reloxos intelixentes. Tamén se considerará nesta categoría o feito de utilizar calquera tipo de intelixencia artificial para a elaboración dos traballos propostos.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación:

Recuperación: Faranse probas escritas de recuperación nos primeiros 15 días da seguinte avaliación á suspensa (ou antes de acabar o curso se é a 3ª avaliación). Antes da avaliación final do curso haberá unha proba de recuperación global para aqueles alumnos que teñan máis dunha avaliación suspensa, ou que tendo só unha non acaden unha media de 5. Na convocatoria extraordinaria de xuño a avaliación consistirá nunha proba escrita sobre os contidos mínimos. O alumno recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro segundo a forma usual de redondeo. Considerarase aprobada cunha cualificación mínima de 4,75 sobre 10

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado. O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos. No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todas as alumnas e todos os alumnos expoñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas orientanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a etapa da educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todas e todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral que lles outorgue experiencias de aprendizaxe significativas.

En relación a todo o indicado, tomaranse medidas como:

- A concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- O uso de metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca pola persoa titora, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación etc.), aprendizaxe autónoma etc
- A diversificación dos procedementos de avaliación.
- O reforzo dos valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
 - As reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor para, entre outras, realizar o seguimento de casos e a intervención cando a situación o aconselle.
- O reforzo da lectura comprensiva.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, as actividades de recuperación, as actividades de reforzo, as adaptacións curriculares significativas etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos prescritivos do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas; non obstante, esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe así como para o que amose un especial interese, o profesorado preparará e entregará material de apoio para traballar e reforzar esas aprendizaxes non acadadas (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos da programación da materia. Tamén acordará con este alumnado o tratamento e o seguimento que se fará do mesmo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A educación emocional	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.8 - O espírito científico	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde	X	X	X
ET.12 - A educación afectivo-sexual	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático	X	X	X
ET.19 - A educación para a sustentabilidade	X	X	X
ET.20 - A educación para o consumo responsable	X	X	X
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X
ET.23 - O respecto mutuo	X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Latín pretende e permite dar cabida a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presenza ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

En concreto, coméntase o seguinte sobre parte destes elementos transversais:

- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín.
- A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas unidades didácticas de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais.
- A competencia dixital. Traballarase durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro.
- O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na unidade didáctica 1, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana.
- O fomento do espírito crítico e o do científico. Traballarase durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano.
- A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das persoas que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula.
- A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (unidades didácticas nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo.
- A creatividade. Ten cabida en todas as unidades didácticas propostas, xa que é misión da persoa docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e a iniciativa do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana nalgunha das sedes deste festival.		X	
Participación no concurso Odisea	O alumnado participará no concurso Odisea 2025 organizado pola SEEC Galicia.	X		
Ludi Compostellani	Participación activa. Son obradoiros de temas como cociña, vestimenta, danza grega, xogos gladiatorios, escritura en papiro, mosaicos...		X	
Representación teatral no propio instituto	Representación sobre mitoloxía dirixida ao alumnado de clásicas	X		
Commercium epistularum	Intercambio de correspondencia en latín con outro instituto de España e/ou Europa	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Metodoloxía empregada
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade didáctica, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Explicáronse e corrixióronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias ao alumnado que así o requiriu.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado.
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final do departamento.

En todo caso, non se debe perder de vista que a avaliación da práctica docente debe favorecer a análise, a reflexión e o debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Latín estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todas as persoas integrantes do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no proxecto educativo de centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e os instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e os materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e os obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e os tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, as características e as necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación Proens, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

4. Os instrumentos que se empreguen serán variados, entre os que poden estar:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.

- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados